

CONTROL LINGUA GALEGA DO TEMA 11- 6º DE PRIMARIA

1. Escribe a palabra que se corresponde con cada definición:

- a. Adv. En cantidade suficiente ou incluso de sobra.
- b. Vbo. Volverse de cor amarela.
- c. Subs. Cen unidades de algo.
- d. Adx. Que emprega chocas. As chocas son campañas como as que se usan no Entroido de Laza ou da Limia.
- e. Subs. Pequeno tenderete ou tenducho.
- f. Vbo. Botar de menos ou sentir nostalxia pola falta de alguén ou de algo.
- g. Subs. Tipo de monte, de difícil acceso, poboado con árbores autóctonas e frondosas.
- h. Adx. Cousa, obxecto ou persoa chea de lixo, pouco limpa.
- i. Subs. Ruído de baixa intensidade, como o feito polo correr da auga, o movemento das follas, as voces da xente etc.
- j. Subs. Aloumiños, caricias ou mecos que se empregan para namorar a alguén.
- k. Subs. Peza de vestir que cobre a cabeza e a protexe do sol ou da chuvia.
- l. Subs. Mozo que actúa con malicia e astucia.

2. Une con liñas.

Bo

maior

Grande

menor

Malo

mellor

Pequeno

peor

3. Forma adxectivos cos seguintes sufixos. Soamente hai un correcto para cada palabra: -ento, -oso- -ado, -ivo-, -udo

- a. Vapor...
- b. Incis...
- c. Var....
- d. Cium.....
- e. Admir.....

4. Indica en que grao están os adxectivos das seguintes frases.

- a. Levou un golpe descomunal
- b. Levou un golpe máis grande do que pensabamos
- c. O golpe que levou é tan grande como o que che deron a ti
- d. O golpe que levou e menor do que levaches ti
- e. O golpe que levou foi fortísimo
- f. O golpe que levou foi máis grave de clase

5. Escribe cal é o suxeito destas oracións:

- a. Sara tivo pesadelos pola noite
- b. Tras unha mañá de intenso traballo, Xan recolleu todo
- c. Os nenos xogaban no parque sós
- d. Fixen un exercicio moi complicado

6. Escribe por orde primeiro os actores e despois as anotacións dos texto. As voces tamén se teñen en conta coma persoanaxes. Ten coidado en copiar ben e non cometer erros ortográficos

PERSONAXES:

ANOTACIÓNS

ESCENA I: O REFUGALLO

(Amence. Entre moreas de lixo, escóintanse voces de nenas e nenos.)

VOZ 1: Que cousa, cousiña será...?

VOZ 2: Que empeza por RE e non é nota musical.

VOZ 3: Que segue por FU e non é para asustar.

VOZ 4: Que tamén ten un GA e non é un animal.

VOZ 1: Que remata en LLO, vaia xeito de acabar!

(Amosan as cabezas de Isolda, Borboronte, Hipatia e Lustucrú.)

ISOLDA: RE

BORBORONTE: FU

HIPATIA: GA

LUSTUCRÚ: LLO

(Saen nenas e nenos de entre o lixo.)

ISOLDA: O refugallo é un monstro.

BORBORONTE: Porque ten mil caras e ten mil corpos.

HIPATIA: E cheira mal.

LUSTUCRÚ: E mete medo.

ISOLDA: E todo o mundo foxe del.

BORBORONTE: Pero o refugallo é un refuxio.

HIPATIA: E un refuxio coma unha casa.

LUSTUCRÚ: O refugallo é a nosa casa.

ISOLDA: Se non tes onde ir, sempre podes ir onde está o refugallo.

LUSTUCRÚ: O refugallo é un bicho simpático.

BORBORONTE: É coma un amigo.

HIPATIA: Podes contar con que estea alí.

ISOLDA: En todas as partes hai refugallo.

LUSTUCRÚ: Eu non sabería onde ir.

7. Escribe o predicado destas oracións:

- a. O coche estrelouse contra aquela ponte

- b. Bebía tantos polas noites que o tiveron que ingresar

- c. María pechábase no seu cuarto para estudar

- d. Cantos días non fuches ao colexio?

8. Preme nas oracións que teñen predicados nominais:

- a. Os estantes do meu cuarto están mal distribuídos
- b. A tradición taurina non forma parte da nosa cultura
- c. As avelaíñas voan arredor das luces pola noite
- d. É moi difícil gardar a compostura
- e. Colocou un libro debaixo da pata da mesa
- f. No verán imos á praia todos xuntos
- g. Xurxo non é moi espelido
- h. Pola noite están acesas todas as luces desa casa
- i. Os turistas invaden a costa os veráns
- j. Parece un profesor moi competente

9. Escribe cales son os complementos directos e indirectos nas seguintes oracións. Nalgunhas so hai dun tipo. O primeiro recadro é para o complemento directo; o segundo para o complemento indirecto. No caso de que non haxa dalgún tipo escribe x minúscula

a. Meteu o coche no garaxe

b. María escribiu un correo electrónico para o profesor

c. Trae o vaso da cociña para Marcos

d. Ve moita televisión

e. Axudamos aos meus avós coas vacas

10. Escribe os xentilicios destas localidades Galegas. Hai que escribir primeiro o masculino e despois o feminino. E de ter varias formas, todas. Separa cada palabra por comas seguida dun espazo en branco.

a. Cangas:

b. Bueu

- c. Marín:
- d. Moaña
- e. Vilaboa:
- f. Pontevedra:
- g. Lugo:
- h. A illa de Arousa:
- i. Pontearreas:
- j. Salvaterra de Miño

11. Escribe i ou ll onde corresponda.

Apare.....ador anto.....o arda pa.....aso

Apo.....ar mexi.....ón ove....a pio.....o

Ma.....or ra.....o fa.....ado o.....ó